

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 127/2006, do 27 de xullo, polo que se crea o Consello Galego da Inmigración
- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Colexio Galego de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se regulan as axudas rexionais ó investimento e ó emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CEE
- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a modificación do Decreto 374/2009, do 6 de agosto, polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de documento, o Castro de Viladonga, no termo municipal de Castro de Rei, en Lugo

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Facenda a conceder unha achega para compensar perdas, con carácter extraordinario e sen prexuízo das achegas dos restantes socios, á *Estación de Inverno Manzaneda, S.A.* por importe de cento oitenta e cinco mil setecentos cinco euros con setenta e seis céntimos (185.705,76 €)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Pobra do Caramiñal, para a execución dun paseo fluvial e acondicionamento das marxes do río Morto por importe de un millón douscentos sesenta e cinco mil euros (1.265.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia; Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras: "Mellora da depuración e vertedura da Coruña: Emisario submarino de Bens"
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia; Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras: "Mellora da depuración e vertedura da Coruña: Estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Bens"
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia; Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras: "Mellora de saneamento de Lugo: ampliación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lugo"
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia; Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o financiamento, execución e explotación das obras: "Mellora do saneamento de Lugo: Colectores xerais do río Miño en Lugo. Tramo N-VI á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lugo e colectores xerais do río Miño en Lugo"

- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do Convenio de colaboración suscrito entre a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Carral, Sada, Bergondo e Betanzos para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña
- Acordo polo que se autoriza a prórroga, para o ano 2010, do Convenio de colaboración suscrito entre a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e os concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Ferrol

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a comunidade autónoma de Galicia para o financiamento de proxectos de Campus de Excelencia Internacional seleccionados mediante o procedemento previsto no capítulo IV da orde PRE/1996/2009, do 20 de xullo

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da cláusula adicional 41^a, que substitúe á 38^a, ao concerto de data 29 de decembro de 2000 establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o *Hospital Povisa, S.A.*, pola que se fixan as tarifas da actividade asistencial para o Servizo Galego de Saúde, se establece o importe máximo anual, se fixan as tarifas da actividade realizada polo *Hospital Povisa* aos hospitais do Servizo Galego de Saúde, e se establecen os obxectivos de calidade asistencial no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009, cun importe total de setenta e un millóns cincocentos vinte mil cincuenta euros (71.520.050, 00 €)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da cláusula adicional 42^a que substitúe á 39^a do concerto singular de data 29 de decembro de 2000 entre o Servizo Galego de Saúde e o *Hospital Povisa, S.A.* pola que se establecen as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticos para o ano 2009, por un importe total de un millón douscentos dezaseis mil setecentos vinte e sete euros (1.216.727, 00 €)

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 525 m², feita a título gratuito polo Concello do Porriño (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á ampliación do centro de saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do Centro de Saúde de Miño, feita a título gratuito polo Concello de Miño (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible do Centro de Saúde de Serra de Outes, feita a título gratuito polo Concello de Outes (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión do inmovible de Centro de Saúde de Vilalba, feita a título gratuito polo Concello de Vilalba (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dos inmovibles dos centros de saúde de Dena e Meaño, feitas a título gratuito polo Concello de Meaño (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente ó complementario numero 2 de construción do novo hospital de Lugo (cociña e gardería) por un importe total de cinco millóns setecentos trinta e cinco mil cento nove euros con oitenta e seis céntimos (5.735.109,86 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 4ª addenda ao contrato-programa asinado o 29 de decembro de 2006 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061*, pola que se amplía o importe máximo establecido para o ano 2009, para a posta en funcionamento do Plan de continxencias ante a gripe A, por un importe total de catro millóns trescentos oitenta e un mil euros (4.381.000,00 euros)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo consistente na operatividade e mantemento dos helicópteros da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, para establecer as condicións de colaboración financeira co fin da realización de traballos

de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do Programa Operativo do FEP 2007-2013, por importe de cincocentos cincuenta e oito mil catrocentos cincuenta euros (558.450,00 euros)

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Balance do Plan Renove de Electrodomésticos 2009

A XUNTA MODIFICA O DECRETO DE CREACIÓN DO CONSELLO GALEGO DA INMIGRACIÓN PARA GAÑAR EN EFICACIA E OPERATIVIDADE

- *Os representantes da Administración autonómica neste órgano elixiranse en función das competencias de cada un, con independencia da estrutura orgánica que poida ter o Goberno galego en cada momento*
- *Engádese un novo parágrafo que garante unha composición equilibrada das mulleres e dos homes nas tomas de decisión*

O Consello da Xunta acordou hoxe modificar o decreto de creación do Consello Galego da Inmigración co obxectivo de gañar en eficacia e operatividade. Coa modificación do texto establécense os representantes da Administración autonómica neste órgano colexiado de consulta, asesoramento e colaboración, aludindo ás competencias de cada un e con independencia da estrutura orgánica que poida ter a Xunta de Galicia en cada momento.

Deste xeito, o Decreto 127/2006, do 27 de xullo, polo que se crea o Consello Galego da Inmigración, modifica o artigo 8 relativo aos representantes do Goberno galego, establecendo que neste órgano estarán representados once representantes da Administración autonómica con rango de director xeral ou secretario xeral polas áreas competenciais establecidas, propostos polo titular do departamento competente. Así haberá un representante do departamento con competencias en materia de igualdade; un do departamento con competencias en materia de inclusión social; un do departamento con competencias en materia de xustiza; un do departamento con competencias en materia de economía; un do departamento con competencias en materia de educación; un do departamento con competencias en materia de cultura; un do departamento con competencias en materia de sanidade; un do departamento con competencias en materia de traballo; un do departamento con competencias en materia de vivenda; un do departamento con competencias en materia de cooperación ao desenvolvemento; e un representante dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a modificación do decreto engade un novo parágrafo ao artigo 8º, que recolle que “a representación da Xunta de Galicia se proporá unha vez coñecida a representación das outras entidades integrantes do Consello, para os efectos de tender a unha composición equilibrada das mulleres e dos homes na toma de decisións”.

Consello Galego da Inmigración

O Consello Galego da Inmigración, integrado na Secretaría Xeral da Emigración, é o órgano colexiado de carácter consultivo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde contribuír ao desenvolvemento dunha política activa e integral de inmigración, coordinada e eficaz, baseada na integración social das persoas inmigrantes a través da consulta e participación de todos os axentes implicados.

Como órgano de participación, o Consello Galego da Inmigración está composto por representantes das administracións públicas -Administración Xeral do Estado, Administración autonómica e Administración local-, das organizacións sindicais, profesionais agrarias e empresariais, das asociacións de inmigrantes e das organizacións sen fins de lucro que traballen neste campo, así como representantes das universidades galegas.

As principais funcións deste órgano son elaborar propostas e recomendacións tendentes a promover a integración das persoas inmigrantes na sociedade galega; promover a formulación das políticas transversais en materia de inmigración; emitir informes sobre calquera cuestión que poida afectar á integración social das persoas inmigrantes; emitir informe preceptivo previo á aprobación do Plan galego da inmigración; recoller e canalizar as propostas das organizacións sociais con actividade no ámbito inmigratorio de cara a facilitar a convivencia e a cohesión entre poboación inmigrante e a sociedade de acollida; solicitar e recibir información sobre os programas e actividades que en materia de integración social das persoas inmigrantes desenvolven as diferentes administracións; elaborar unha memoria anual sobre a actuación do consello, os traballos e actividades desenvolvidas; e calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coa integración dos inmigrantes na sociedade galega.

O CONSELLO APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO COLEXIO GALEGO DE DOUTORES E LICENCIADOS EN CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIOLOXÍA

- *Entre os fins do Colexio está lograr unha mellora constante do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo actividades formativas que repercutan no perfeccionamento destas actividades profesionais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, a modificación dos estatutos do Colexio Galego de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía, como consecuencia da súa adaptación á Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O documento recolle que os fins esenciais do Colexio son velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio das correspondentes profesións; lograr unha mellora constante do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados, promovendo actividades formativas que repercutan no perfeccionamento destas actividades profesionais; ter como obxecto social da entidade as tarefas de intermediación no mercado laboral, sen ánimo de lucro e para a mellora profesional dos colexiados; e cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención dos títulos habilitantes para o exercicio das correspondentes profesións.

Para o cumprimento destes fins, o Colexio exercerá no seu ámbito a representación e a defensa da profesión; ordenará no marco da súa competencia a actividade dos seus colexiados, velando pola súa ética e dignidade profesional así como conciliando os seus intereses co interese social e cos dereitos dos cidadáns; exercerá a potestade disciplinaria sobre os profesionais colexiados; adoptará as accións legais e medidas necesarias para evitar a intrusión profesional e a competencia desleal; establecerá e exixirá as achegas económicas dos colexiados.

Así mesmo, será as súas funcións, entre outras, a elaboración e aprobación dos seus orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como as súas contas e liquidacións orzamentarias; organizar actividades dirixidas á formación e ao perfeccionamento profesional dos colexiados; participar de forma activa coas entidades de formación dos futuros titulados na mellora dos plans de estudo e na preparación destes; organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional e cultural e emitir informe sobre aqueles proxectos de normas que elabore a Comunidade Autónoma de Galicia que afecten os profesionais.

Colexición

O texto establece que para ser colexiado debe pertencerse a un Estado da Unión Europea, ser maior de idade e posuír a licenciatura en ciencias políticas e/ou socioloxía. As persoas españolas tituladas por universidades estranxeiras, de Estados non pertencentes á UE, deberán acreditar a validación dos seus títulos.

Doutra banda, os licenciados estranxeiros, de Estados non pertencentes á UE, que reúnan os requisitos de maioría de idade e titulación homologada, poderán ser admitidos cando a Xunta de Goberno así o considere, atendendo ás circunstancias que concorran e sen prexuízo do que, para o efecto, dispoña a lexislación comunitaria.

Así mesmo, a condición de colexiado pode perderse tanto por petición propia -salvo no caso de que o colexiado estea suxeito a procedemento disciplinario-; como consecuencia dunha pena por inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza xudicial firme, perda da nacionalidade ou dos dereitos civís; por sanción disciplinaria; ou por non aboar as cotas regulamentarias.

Dereitos e deberes dos colexiados

Os dereitos dos colexiados que recolle este decreto son, entre outros, ser representados e apoiados por parte da Xunta de Goberno nas súas reclamacións; participar na elección da Xunta de Goberno, censores de contas e comisións especiais; participar nas eleccións para cargos directivos ou como candidato, cando se reúnan as condicións establecidas. Ademais, tamén teñen dereito a estar informados sobre as actividades do Colexio en defensa e promoción da profesión e, en xeral, sobre todas as actividades (cursos, seminarios, etc.) que organice o Colexio; participar na organización e desenvolvemento das actividades deste, así como a asistencia ao domicilio social e ao emprego de todos os servizos e publicacións.

No que se refire aos seus deberes, estes inclúen desempeñar a súa actividade profesional dentro das normas que establece a ética profesional; cumprir co disposto nas normas do Colexio e cos acordos e determinacións da Asemblea e da Xunta de Goberno; comunicar no prazo de trinta días ao órgano do goberno os cambios de residencia e domicilio; aboar as cotas e as taxas correspondentes; comparecer ante a Xunta de Goberno, cando fosen requiridos; presentar nos prazos establecidos as declaracións xuradas, contratos e demais documentos que establezan as leis e disposicións estatutarias e regulamentarias; e desempeñar diligentemente os cargos para os que fosen designados.

Órganos colexiais

Os órganos de representación, goberno e administración do Colexio, son a Asemblea (órgano plenario), a Xunta de Goberno (órgano de goberno) e o presidente - decano

(órgano presidencial). Así, os estatutos aprobados esta mañá establecen que a Asemblea é o órgano supremo do Colexio ao que poden asistir todos os colexiados con voz e voto, sempre e cando estean en posesión dos seus dereitos colexiais e civís e os seus acordos adoptaranse segundo o principio maioritario.

A Xunta de Goberno, que é o órgano de dirección e administración do Colexio, estará composta por un decano, vicedecano, secretario, vicesecretario, tesoureiro, interventor, vogal asesor xurídico, vogal de información e relacións públicas, vogal politólogo e vogal sociólogo.

Este órgano será elixido por un mandato de dous anos e na súa elección intervirán todos os colexiados que estean ao día no pagamento das súas cotas e no pleno exercicio dos seus dereitos colexiais. A elección realizarase mediante candidaturas pechadas, en votación directa, secreta e por maioría simple. Os titulares dos cargos poderán ser reelixidos indefinidamente.

Por último, entre as atribucións do presidente-decano están a de executar os acordos da Xunta de Goberno; representar oficialmente a Xunta de Goberno e o Colexio nas relacións coa Administración e demais entidades de dereito público ou privado; e impulsar a actividade do Colexio, distribuíndo e coordinando o traballo entre os membros dos órganos colexiais.

A XUNTA AXILIZA E SIMPLIFICA A AUTORIZACIÓN E EXECUCIÓN DAS AXUDAS REXIONAIS DA UE AO INVESTIMENTO E O EMPREGO

- *O Goberno galego mellora o procedemento das subvencións sectoriais concedidas polos diferentes departamentos da Xunta posto que estes poderán actuar sen necesidade dunha notificación previa do réxime de axudas á Unión Europea*
- *As axudas irán destinadas ás empresas que realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia proxectos de investimento subvencionables*
- *As modalidades de apoio poderán ser subvencións a fondo perdido; bonificacións de tipos de xuro; axudas incluídas en préstamos; en réximes de garantía; así como en forma de anticipos reembolsables*

A Xunta axilizará e simplificará o procedemento de autorización e execución das axudas rexionais da Unión Europea ao investimento e o emprego de Galicia grazas á aprobación polo Consello dun decreto polo que se regulan estas subvencións que conceda o Executivo autonómico e organismos dependentes deste coa finalidade de promover o desenvolvemento económico mediante o fomento do investimento e o emprego nos distintos sectores económicos de Galicia.

Ca súa aprobación, o Goberno galego mellora o procedemento de autorización e execución das subvencións rexionais ao investimento e o emprego ao poder actuar sen necesidade de emitir unha notificación previa á Unión Europea para informar do réxime de axudas de finalidade rexional, conforme a lexislación comunitaria en materia de axudas de Estado vixente.

Con esta medida complementábase o Regulamento (CE) 800/2008 da Unión Europea, Regulamento xeral de exencións por categorías, substituíndo o requisito de xustificación previa á Comisión polo de comunicación, coa economía de tempo que isto supón.

Beneficiarios e conceptos subvencionables

As axudas que poden outorgarse son subvencións a fondo perdido; bonificacións de tipos de xuro; axudas incluídas en préstamos; en réximes de garantía ou axudas en forma de anticipos reembolsables.

Estes apoios económicos van destinados ás empresas que realicen no territorio da comunidade autónoma proxectos de investimento como a creación dun novo establecemento; a ampliación dun xa existente; a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou a transformación esencial no proceso global de produción dun establecemento existente.

Por outra banda, para que as iniciativas de investimento e emprego poidan beneficiarse das axudas terán que ser viables desde o punto de vista técnico, económico, financeiro e ambiental; e ademais o proxecto non poderá comezar a súa execución mentres a empresa beneficiaria non teña presentada a solicitude de axuda.

Nos proxectos de investimento e emprego afectados polas axudas serán subvencionables por unha parte, os activos materiais, novos ou de primeiro uso, relativos a terreos, edificios, instalacións, maquinaria e equipos, excepto os de transporte dentro deste sector; e, pola outra, os inmateriais referidos á transferencia de tecnoloxía, como a adquisición de dereitos de patentes ou as licenzas de explotación. Finalmente, dentro dos proxectos de creación de emprego ligados ao investimento, poderán apoiarse os custos salariais estimados durante un período de dous anos, das persoas contratadas directamente para o proxecto.

O PROGRAMA ESTATÍSTICO PARA O ANO 2010 INCORPORA 118 OPERACIÓNS E 38 ACTIVIDADES

- *Haberá cinco novas operacións e outras catro actividades no programa do vindeiro exercicio*
- *Trátase de avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e apoiar a creación dun verdadeiro sistema público en España*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, que incorpora 118 operacións e 38 actividades e que xa foi acordado polo Pleno do Consello Galego de Estatística o pasado día 27 de novembro.

Esta programación está incluída no Plan Galego de Estatística 2007-2011 que ten entre os seu obxectivos avanzar na consolidación da organización estatística de Galicia e contribuír á creación dun verdadeiro sistema público en España.

Haberá cinco operacións novas, relativas a un módulo de conciliación da vida persoal e laboral, as características básicas dos fogares, a conta satélite do turismo, a explotación do rexistro de prezos declarados dos compradores de leite e indicadores do sector empresarial.

En canto ás actividades, no programa do ano próximo incluíranse por vez primeira catro, que son análise do marco input-output, explotación do IPI, estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil e tradución ao galego de nomenclaturas e clasificacións.

Estas 156 operacións e actividades estatísticas serán executadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e as distintas consellerías da Xunta de Galicia.

Na distribución salientan as clasificadas nas áreas de poboación, condicións sociais e estrutura produtiva, concentradas en temáticas como a sanidade, o mercado laboral, benestar, a participación social, os sectores agrario e pesqueiro e os mercados e prezos.

En relación coa oferta do IGE, as máis salientables dentro da área de elaboración de estatísticas básicas son a Enquisa anual de Condicións de Vida; e a Enquisa trimestral de Poboación Activa, feita en colaboración co Instituto Nacional de Estatística (INE) e duplicando a mostra estatal no noso territorio.

Por outra banda, na área de estudos e de estatísticas de síntese destacan a análise e difusión máis detallada do Marco Input-Output; e a mellora do Sistema Integrado de Contas, a través da implementación dun Marco Input-Output de carácter anual, de acordo cos recomendacións de EUROSTAT.

Así, trátase, por unha banda, de cumprir o compromiso de consolidar a organización estatística da comunidade a través do reforzo do IGE coa incorporación de novos funcionarios das escalas superior e técnica; e co impulso da designación dos órganos estatísticos das consellerías que deben traballar en coordinación co Instituto. E, pola outra, ponse de manifesto o apoio ás iniciativas orientadas a crear un verdadeiro Sistema Estatístico Público en España, coherente cos principios marcados no Código de Boas Prácticas das Estatística Europeas, en particular, cos criterios de transparencia, accesibilidade dos usuarios á información, uso eficiente dos recursos, coherencia, comparabilidade e mínima carga de resposta para os informantes.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE APROBAN OS PREZOS PÚBLICOS POLO USO DOS COMEDORES ESCOLARES

- *O importe dos menús aboarase a mes vencido e só polos días nos que o alumnado teña utilizado o servizo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a modificación do decreto polo que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En virtude desta modificación, as familias cuxos fillos ou fillas usen este servizo efectuarán o pagamento a mes vencido, e só polos días no que comeron na escola. Deste xeito, o importe que se pagará será o resultado de multiplicar o prezo que corresponda a cada alumno ou alumna polo menú diario, polo número efectivo de días de uso. Esta cantidade deberá ser aboada nos cinco primeiros días do mes seguinte ao da prestación do servizo en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para a xestión recadatoria. Tamén poderán utilizar a oficina virtual tributaria, realizando o pagamento de xeito telemático.

Para garantir un correcto cómputo dos días de uso do servizo, as familias deberán comunicar con antelación aos correspondentes centros de ensino os días nos que os escolares non van asistir ao comedor. En todo caso, e se fixesen un ingreso superior ao debido nalgún dos períodos de liquidación mensuais, poderán pedir a súa dedución nas seguintes mensualidades do mesmo curso.

Pagamentos atrasados

De acordo coa Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras de Galicia, este ano escolar o importe dos menús dos comedores escolares dos centros de ensino públicos foi aprobado e establecido con base en prezos públicos. Porén, as familias atopáronse con algunhas dificultades á hora de efectuar os pagamentos a principio de curso, polo que, para evitar posibles problemas, a Consellería de Educación decidiu adialos.

Aprobada a modificación do decreto e corrixidas as disfuncións no sistema, a suma dos pagamentos non satisfeitos pola utilización do servizo de comedor durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro, será fraccionada en seis cotas iguais. Os pais e nais terán que liquidar e ingresar cada unha delas de xeito complementario cos pagamentos ordinarios dos meses de xaneiro a xuño deste curso. Con este rateo, Educación intenta minimizar as molestias que esta eventualidade puidera ter causado ás familias.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN COMO BEN DE INTERESE CULTURAL DO CASTRO DE VILADONGA EN CASTRO DE REI (LUGO)

- *A elección do xacigo como BIC na categoría de monumento baséase na súa configuración e a súa morfoloxía, que constitúe un modelo de arquetipo formal de castro.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro de Viladonga, no termo municipal de Castro de Rei, en Lugo e que contou cos informes favorables da Comisión Territorial do Patrimonio histórico, da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, da Universidade de Santiago de Compostela, e do Consello da Cultura Galega.

A elección deste xacigo para a súa declaración como ben de interese cultural baséase na súa configuración monumental e a súa morfoloxía, que constitúe en si mesma un modelo de arquetipo formal de castro, sen esquecer a súa traxectoria como centro de investigación desde os anos oitenta ata a actualidade. A maiores da catalogación do castro como BIC, o decreto delimita a área protexida, que abrangue o recinto castrexo e todas as súas estruturas de delimitación que engloban os parapetos, murallas e socalcos que forman parte do conxunto arqueolóxico do poboado. A delimitación do Castro de Viladonga como monumento comprende un área de 96.270 metros cadrados e o seu contorno de protección 933.494 metros cadrados.

O volume, a tipoloxía, a morfoloxía e o cromatismo das intervencións no contorno dos monumentos non poden alterar o carácter arquitectónico e paisaxístico da zona nin perturbar a contemplación do ben.

O Castro de Viladonga está situado sobre unha elevación de terreo no val inicial do río Miño e ao pé da Serra de Meira, dominando gran parte da chaira oeste da Terra Chá. A súa monumentalidade chama a atención e constitúe, coas súas murallas, fosos, croa e antecastros, un verdadeiro arquetipo formal de castro, moi representativo do tipo de poboados castrexos da zona interior de Galicia.

Castro milenario

Cronoloxicamente enmárcase no período galaico-romano, entre finais do século II ou comezos do III d.C. ata o século VI. A comarca na cal se inscribe o castro, nunha beira da Terra Chá, é moi abundante en xacigos de tipo castrexo dos que algúns deles

se atopan certamente moi preto do Castro de Viladonga, incluso ao seu mesmo pé, como é o caso da Rodela de Valmonte.

O Castro de Viladonga organízase ao redor dun recinto superior que se atopa rodeado dunha muralla que constitúese dunha enorme morea de terra de entre doce e catorce metros de altura ata o foxo. Ao seu pé este foxo rodea ao castro salvo no lado oeste, no que se espalla o antecastro.

A extensión do xacigo é de aproximadamente catro hectáreas. Desde 1972 realizáronse en Viladonga sucesivas escavacións arqueolóxicas que sacaron á luz a maior parte das vivendas, sempre feitas de lousa ou xisto e de moi diversos tipos, así como numerosos elementos construtivos de moito interese (murallas, escaleiras, pavimentos lousados, lareiras...). Desde moi cedo, chamou a atención a inxente cantidade de materiais e obxectos achados, en moitos casos de clara cronoloxía romana, todo o cal, unido á súa monumentalidade, fixeron do Castro de Viladonga un xacigo senlleiro e representativo da cultura castrexa, habitado principalmente durante a etapa galaico-romana.

A XUNTA ACHEGA 185.000 EUROS Á ESTACIÓN DE INVERNO DE MANZANEDA (OURENSE) PARA GARANTIR A SÚA VIABILIDADE

- *O Goberno galego participa co 48% na sociedade, xunto a Caixanova e os concellos de Pobra de Trives e Manzaneda*
- *A estación conta cun plan para conseguir o saneamento da empresa nun prazo de cinco anos*

A Xunta de Galicia achegará un total de 185.705,76 euros á Estación de Inverno de Manzaneda (Ourense) para garantir a súa viabilidade, segundo aprobou hoxe o Consello. Esta achega, que será de carácter extraordinario e sen prexuízo doutras que poidan facer o resto de socios, realizarase a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

A sociedade Estación de Inverno Manzaneda S.A. (MEISA), participada pola comunidade autónoma nun 48% do seu capital, xunto a Caixanova e os concellos de Pobra de Trives e Manzaneda, explota unha estación de esquí, que está situada nunha das comarcas máis deprimidas de Galicia. Precisamente esta zona da Montaña Oriental ourensá é obxecto dun plan de investimentos aprobado polo Goberno galego para impulsar o seu desenvolvemento, aproveitando as súas potencialidades.

As desfavorables condicións que un ano máis se padeceron nesta estación repercutiron de forma negativa na conta de resultados da sociedade, o que lle impediu atender coa debida puntualidade os compromisos contraídos. En 2008 a perdas de Manzaneda, de acordo coas contas anuais formuladas polos administradores e sometidas a unha auditoría, eleváronse a 386.887 euros, co que os fondos propios da sociedade, 119.173 euros, son inferiores ás dúas terceiras partes do capital subscrito e desembolsado polos socios.

No ano 2008 o equipo directivo da empresa elaborou un Plan de investimentos co fin de relanzar a actividade da sociedade, enmarcado nun Plan de negocio no que se propón desestacionalizar a demanda, facendo que a afluencia de clientes sexa máis equilibrada durante todo o ano e constituíndo un foco dinamizador desta zona de montaña.

O investimento repartirase entre diversas obras de reforma das instalacións, renovación de material de aluguer e para a realización dun plan de marketing. As previsións que se fixan no plan establecen un horizonte temporal de cinco anos para conseguir o saneamento da empresa.

Coa posta en marcha deste plan e co aproveitamento dos recursos naturais da zona espérase acadar os resultado óptimos. Non obstante, ante as perdas xeradas e para garantir a viabilidade de MEISA, faise preciso efectuar desde a Consellería de Facenda esta achega para a compensación de perdas e evitar así a situación de desequilibrio patrimonial desta estación.

MEDIO AMBIENTE EXECUTA UN PASEO FLUVIAL E ACONDICIONA AS MARXES DO RÍO MORTO, NA POBRA DO CARAMIÑAL, POR UN VALOR DE MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS

- *A actuación beneficia a preto de 10.000 habitantes do concello coruñés*
- *O arranxo do citado camiño e a súa recuperación para o tráfico rodado será compaxinado coa execución de beirarrúas, formando unha área de espallamento a carón das marxes do río Morto*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Pobra Caramiñal para a execución dun paseo fluvial e acondicionamento das marxes do río Morto.

O departamento que dirixe Agustín Hernández investirá un total de 1.265.000 euros distribuídos en dúas anualidades, nos anos 2010 e 2011.

O paseo fluvial, obxecto deste acordo, sitúase na zona suroeste da vila con acceso directo desde a C-550, no treito da Pobra a Ribeira. Este paseo intégrase no último tramo de circunvalación prevista no PXOM do concello. Trátase dun camiño de conexión entre de dúas vías de saída da localidade coruñesa e nas proximidades do seu núcleo urbano. O arranxo do citado camiño e a súa recuperación para o tráfico rodado será compaxinado coa execución de beirarrúas, formando unha área de espallamento a carón das marxes do río Morto.

Cómpre sinalar que a vía, de 16 metros de ancho, ten un percorrido de case 450 metros lineais no que o paseo fluvial se integra nun tramo de 200 metros. Ademais, o proxecto diferencia as zonas de tránsito peonil e rodado, así como a recuperación das marxes do río, ampliando así as superficies peonís que discorren a carón deste.

En canto ás unidades de obra, a actuación centrarase en accións como movementos de terras e demolición do pavimento existente, reposición de capas de rodadura, instalación de recollida de pluviais. Ademais, reformarase a canalización de abastecemento de auga e trazarase unha liña de iluminación pública.

Esta urbanización tamén busca a humanización do camiño mediante a plantación de árbores, instalación de farois e a colocación de bancos e papeleiras ao longo do trazado.

A Xunta de Galicia, mediante este proxecto, pretende evitar inundacións de parcelas e camiños en épocas de choivas, facilitando así o acceso dos veciños ás súas vivendas e un adecuado tránsito pola vía.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, en colaboración co Concello da Pobra de Caramiñal, fomenta aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida aos seus cidadáns. Así, esta actuación beneficia a preto de 10.000 habitantes do Concello da Pobra de Caramiñal.

A XUNTA DE GALICIA COFINANCIA A EXECUCIÓN DO EMISARIO SUBMARINO E A DEPURADORA DE BENS, NA CORUÑA, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 20 MILLÓNS DE EUROS

- *O obxectivo destas infraestruturas é a mellora da depuración e vertedura da Coruña, motivo polo que se declarou de Interese Xeral do Estado en Galicia*
- *As actuacións realízanse mediante un convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que achega o 85% do financiamento, e Augas de Galicia, que achega o 15%*
- *A Xunta de Galicia achega máis de 17 millóns de euros para a ampliación da EDAR e preto de 3 millóns para a instalación do emisario submarino*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá unha addenda ao convenio de colaboración entre o Goberno galego, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño Sil para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora da depuración e vertedura da Coruña, na EDAR e no emisario submarino de Bens.

Cómpre sinalar que o convenio para a execución da depuradora se asinou no ano 2003 e o da instalación do emisario submarino se pospuxo ata o 2006. Ambos os acordos determinaban un cofinanciamento, onde a Confederación achegaba o 85% e a Xunta de Galicia o 15%.

O obxectivo da addenda aprobada é a modificación das achegas previstas para adecualas ás necesidades xurdidas na execución dos proxectos do convenio. Isto significa un maior investimento por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Por unha parte, a EDAR de Bens, obra declarada de Interese Xeral do Estado en Galicia, conta cun investimento total de 78 millóns de euros, dos que o 85% corre a cargo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Augas de Galicia cofinancia o restante 15%, supoñendo unha achega de 11.702.000 euros. Non obstante, o trámite da addenda incrementa o investimento da Xunta ata 17.314.00 euros, traducíndose nun aumento de 5.612.298 euros, motivado pola reestruturación das anualidades.

A estación depuradora atópase en execución, tendo unha finalización prevista para o verán do vindeiro ano 2010.

Por outra parte, o emisario submarino de Bens, actuación executada tamén pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, dispón dun orzamento de preto de 18 millóns de euros, dos que Augas de Galicia cofinancia o 15%, achegando así 2.677.000 euros.

Non obstante, a addenda ao convenio aumenta a achega de Augas de Galicia ata 2.783.957 euros, supoñendo unha diferenza de 106.357 euros. Deste xeito, o novo financiamento establécese de acordo coa seguinte repartición de anualidades: en 2007, 686.000 euros; en 2008, 1.246.762 euros; e no presente 2009, 851.192 euros. Este proxecto está próximo ao seu remate.

O GOBERNO GALEGO INVISTE PRETO DE 13 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA EDAR E A INSTALACIÓN DE COLECTORES XERAIS NO RÍO MIÑO EN LUGO

- *As actuacións realízanse mediante un convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que achega o 85% do financiamento, e Augas de Galicia, que achega o 15%*
- *Medio Ambiente incrementa en máis de 2 millóns de euros o achegamento para financiar a ampliación da estación depuradora*
- *A Xunta prevé a execución da segunda fase da instalación de colectores no Miño, á altura do tramo N-VI*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a addenda ao convenio de colaboración entre o Goberno galego, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para o financiamento das obras de ampliación da depuradora e a execución de colectores xerais no río Miño, ambas obras en Lugo.

Estes proxectos, declarados de Interese Xeral do Estado en Galicia, están enmarcados no Plan Hidrolóxico Nacional, considerando como obxectivo primordial a mellora do saneamento de Lugo.

Cómpre salientar que as modificacións recollidas na addenda responden á necesidade de reaxustes de financiamento á real execución das obras, significando unha maior achega por parte de ambos organismos. Ademais, hai que ter en conta que o acordo establece que a Confederación Hidrográfica achega o 85% e a Xunta o 15%.

Ampliación da EDAR

Por unha parte, esta actuación, cuxo convenio foi asinado en 2005, conta cun orzamento total de máis de 39 millóns de euros, dos que Augas de Galicia financia 7.962.437 euros, tras ser aplicadas as mudanzas que establece a addenda. Deste xeito, o departamento que dirixe Agustín Hernández achega un engadido de 2.104.800 euros.

Esta obra atópase en execución, estando previsto o seu remate para o verán do vindeiro ano 2010.

Colectores xerais do río Miño

Por outra parte, este proxecto, cuxo convenio para a súa execución se asinou en 2004, céntrase na dotación de colectores xerais na marxe da estrada N-VI. Augas de Galicia investiu máis de 5 millóns de euros na realización desta obra que precisa dun

orzamento total de preto de 34 millóns de euros. Este proxecto rematouse no ano 2008.

Tamén se está a executar o acondicionamento da marxe dereita do río Miño, en Lugo. A dita actuación conta cun investimento total de 3.917.691 euros, dos que Augas de Galicia cofinancia o 20%, significando unha achega de 524.668 euros. Prevese que esta execución estea finalizada no verán do próximo ano 2010.

Ademais, estanse a facer negociacións entre a Confederación Hidrográfica e a Xunta para acordar o réxime de financiamento da segunda fase de instalación de colectores xerais no río Miño, na N-VI, en Lugo.

A XUNTA E OS CONCELLOS DAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA E FERROL POTENCIAN AS ACTUACIÓNS DO TRANSPORTE METROPOLITANO PARA O VINDEIRO ANO

- *Estes acordos, que contan cun investimento de 1,8 millóns de euros, serven de ponte ao convenio para a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano no primeiro semestre de 2010*
- *O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia constitúe unha actuación estratéxica na vertebración da mobilidade metropolitana en Galicia e na garantía dun transporte público eficiente*
- *Os usuarios beneficiaranse de importantes melloras que supón o novo plan tanto en termos de integración tarifaria, como en coordinación de redes, novos servizos e mellora das infraestruturas, ademais de información aos usuarios*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, prorrogará os convenios cos concellos das áreas metropolitanas de Coruña e Ferrol co fin de potenciar distintas actuacións de mellora do transporte metropolitano para o vindeiro ano. A prórroga esténdese as empresas de transporte que operan nos ditos ámbitos.

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia no que está a traballar o Goberno galego constitúe unha actuación estratéxica na vertebración da mobilidade metropolitana en Galicia e na garantía dun transporte público eficiente, accesible e moderno enfocado ao mellor servizo dos usuarios.

Nestes momentos, a primeira fase do plan beneficia xa ás áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, é dicir, actúa sobre máis de 700.000 usuarios.

As áreas de transporte metropolitano da Coruña (constituída actualmente pola Xunta de Galicia e polos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Carral, Sada, Bergondo e Betanzos), e a de Ferrol (formada pola Xunta de Galicia e polos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Fene, Mugardos, Neda, Narón, Pontedeume, e Valdoviño) basean o funcionamento actual da primeira fase do plan na existencia de convenios interinstitucionais Xunta-Concellos asinados en 2005, que teñen unha vixencia prevista ata decembro de 2009.

Por todo isto, estes acordos deben prorrogarse e ampliarse no vindeiro exercicio, polo que recibirán un investimento 1,2 millóns de euros no caso da Coruña e 600.000

euros para Ferrol, ata a sinatura do novo acordo que vai a permitir a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano en xuño de 2010.

Así mesmo, en correlación con este acordo interinstitucional, tramítanse as prórrogas correspondentes aos contratos-programa dos operadores das citadas áreas que definen as condicións de prestacións dos servizos metropolitanos.

Con respecto á área de Santiago, que ten os convenios en vigor, en vindeiras datas celebrárase unha reunión da Comisión Técnica de Seguimento para dar conta dos avances cara á implantación das novas medidas.

Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo

Durante o vindeiro ano, o novo Plan de Transporte Metropolitano porase progresivamente en marcha nas mencionadas áreas e nas de Ourense, Lugo, Pontevedra e Vigo, polo que prestará servizo a 1,6 millóns de potenciais usuarios que se beneficiarán das importantes melloras que supón o novo plan tanto en termos de integración tarifaria, como en coordinación de redes, novos servizos e mellora das infraestruturas, ademais de información aos usuarios.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE CAMPUS DE EXCELENCIA INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O Ministerio de Educación concede un préstamo por valor de 7,5 millóns de euros para levar adiante o 'Campus Vida'*
- *A iniciativa da USC foi escollida entre as dos campus de maior prestixio internacional*

O Consello da Xunta autorizou hoxe ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do proxecto de Campus de Excelencia Internacional da USC, o 'Campus Vida', seleccionado o pasado 26 de novembro pola Secretaría General de Universidades do Goberno central como merecedor dunha axuda de 7,5 millóns de euros. Pola súa banda, a Consellería de Educación comprométese a reembolsar esta cantidade nun prazo máximo de 15 anos.

En virtude da sinatura deste acordo, o Ministerio concede á Consellería de Educación un crédito de 7,5 millóns de euros, que irá destinada a executar as actividades previstas na iniciativa 'Campus Vida'. Así mesmo, corresponderá á Consellería a tarefa de comprobar que a Universidade de Santiago de Compostela formaliza os acordos cos organismos de investigación, entes locais, empresas ou outras entidades, aos que tiveran feito referencia no proxecto.

En todo caso, este préstamo será compatible con subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos cos que a USC poida financiar o 'Campus vida', sempre e cando a suma das cantidades obtidas non supere a contía do outorgado polo Ministerio. Ademais, a Consellería deberá informar puntualmente da obtención destas bolsas ao departamento educativo do Goberno central.

Con este convenio e a selección do proxecto de Campus de Excelencia da USC, queda garantida a presenza do sistema universitario galego entre as mellores universidades de Europa e aos seus campus entre os de máis prestixio internacional.

Estratexia coordinada

O Ministerio de Educación aprobou o 'Programa Campus de Excelencia Internacional', Consciente da necesidade de coordinar as actuacións en materia universitaria, especialmente no tocante á modernización dos campus universitarios. A función desta iniciativa é que as institucións implicadas nos campus elaboren un proxecto

estratéxico común para crear un contorno académico, científico, emprendedor e innovador, quen de obter unha alta visibilidade internacional. Por outra banda, quérese conseguir que o ambiente universitario sexa un verdadeiro contorno de vida integrada socialmente no ámbito urbano, e dotado de todas as prestacións de servizos e das máis punteiras melloras enerxéticas e ambientais.

En última instancia, o obxectivo é promover a excelencia docente e científica, e a internacionalización do sistema universitario. Ademais, a Universidade debe estar implicada no cambio económico, cun modelo baseado no coñecemento e na mellora da innovación

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINAR 72 MILLÓNS DE EUROS PARA A ACTUALIZACIÓN DO CONCERTO CO HOSPITAL POVISA S.A.

O Consello da Xunta autorizou hoxe as cláusulas adicionais cuadraxésimo primeira e cuadraxésima segunda do concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa S.A. para o que o Servizo Galego de Saúde vai destinar un total de 72.736.777 euros para a realización de asistencia sanitaria no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

Os acordos acadados hoxe establecen as tarifas da actividade asistencial para o Servizo Galego de Saúde e as tarifas da actividade realizada polo Hospital Povisa aos Hospitais do Servizo Galego de Saúde, e establecen os obxectivos de calidade asistencial.

As tarifas non terán ningún incremento en relación coas que estaban vixentes para o 2008. Así, cómpre destacar que nos últimos anos as cantidades que se destinaron para os concertos con Povisa foron de 65.139.679 euros en 2006; de 69.009.137 en 2007; e de 74.331.514 euros en 2008.

Estas cláusulas forman parte do concerto que data do 29 de decembro de 2000 para a prestación por parte de Povisa de asistencia sanitaria especializada hospitalaria e ambulatoria, tanto á poboación asignada como aos pacientes protexidos polo Servizo Galego de Saúde para os que actúa como hospital de referencia en función da carteira de servizos concertada das Áreas de Saúde de Vigo, Pontevedra, Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Doutra banda, nas cláusulas adicionais fíxanse tamén as condicións de facturación dos programas especiais farmacoterapéuticas neste ano. Estes programas definen os medicamentos autorizados para determinadas indicacións, os dispensados ao alta do paciente polo propio hospital e os fármacos das enfermidades de baixa frecuencia e alto custo que deben ser dispensados baixo a supervisión e control da farmacia do centro, aínda que o paciente non estea hospitalizado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ACEPTACIÓN DE INMOBLES DE CINCO CENTROS DE SAÚDE

- *O Goberno galego está a realizar un importante reforzo do papel da Atención Primaria e nas súa infraestruturas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os acordos polos que se autoriza a aceptación de inmobles de cinco centros de saúde, feitas a título gratuíto por catro concellos da Comunidade Autónoma, a favor do Servizo Galego de Saúde.

Así, no que se refire á provincia da Coruña, autorizouse a aceptación da cesión dos inmobles dos centros de saúde de Miño, feita polo Concello do mesmo nome; e do de Serra de Outes, polo Concello de Outes.

En Lugo aprobouse a cesión do inmovible do centro de saúde de Vilalba, feita por este Concello. Por último, o Consello da Xunta aprobou a aceptación das cesións a favor do Servizo Galego de Saúde dos inmobles dos centros de saúde pontevedreses de Dena e Meaño, feitas a título gratuíto polo Concello de Meaño.

O Goberno galego está a realizar un importante reforzo do papel da Atención Primaria e nas súa infraestruturas. Neste sentido, tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde teñen destacado entre os seus obxectivos estratéxicos para esta lexislatura o de potenciar a integración e a coordinación entre os niveis asistenciais de Atención Primaria e Atención Especializada, de xeito que os problemas de saúde se solucionen na estrutura máis próxima ao paciente, co menor número de visitas posible e do xeito máis rápido e eficiente.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinaron un protocolo coa Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento de centros de saúde, para o cumprimento do Pacto Local no eido sanitario.

Este proceso de asunción é, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalízase a través dun protocolo xeral e tamén con convenios particulares que a Sanidade pública asina con cada un dos concellos.

Así, os municipios que decidan formalizar o convenio particular comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial dos devanditos centros ao Servizo Galego de Saúde libres de cargas e gravames.

Cesión de parcela no Porriño

Doutra banda, o Consello da Xunta autorizou así mesmo a cesión dunha parcela de 525 m², feita a título gratuíto polo Concello de Saúde a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á ampliación do centro de saúde desta localidade.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ 5,7 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA COCIÑA E DA GARDERÍA NO NOVO HOSPITAL DE LUGO

- *O prazo de execución destas instalacións será de seis meses*
- *Estas infraestruturas amosan a aposta decidida da Xunta pola conciliación da vida laboral e familiar*

O Consello da Xunta vén de autorizar o gasto para a contratación da construción da cociña e a gardería no novo hospital de Lugo por un importe total de 5.735.109 euros por un prazo de execución de seis meses.

Esta tramitación realizouse coa declaración de urxencia, pois o Servizo Galego de Saúde continúa coa previsión da posta en funcionamento do novo hospital de Lugo no primeiro semestre de 2010, polo que é imprescindible a construción da cociña e da gardería para esas datas.

O proxecto de cociña conta cunha superficie útil de 1.745,91 m² e realizarase nun espazo dispoñible dentro do edificio existente. Esta área contará coas diferentes zonas de traballo necesarias para prestar servizo de restauración a 850 pacientes do propio centro e recolle as posibilidades de ampliación no futuro, chegando a producir 1.500 menús diarios. En concreto, a relación de zonas proxectadas son recepción/acondicionamento de mercadorías, almacéns, cámaras frigoríficas, diferentes zonas para preparación, lavado, coccións, entre outras; e salas destinadas a lixos, zona administrativa e vestiarios.

Con respecto da gardería, o proxecto consta de tres aulas para nenos de 0-1 ano, 1-2 anos e 2-3 anos; tamén sala de actividades e comedor, aseos e vestiarios de persoal, lavandería e oficio para preparación de alimentos, entre outros. A gardería conta cunha superficie útil de 334 m² e construírse nun novo edificio exterior.

O Servizo Galego de Saúde acordou que fora o hospital o encargado da alimentación dos pacientes, mediante o seu propio servizo de cociña, e como consecuencia faise preciso a execución da obra necesaria para implantala no novo edificio. En canto á gardería, a súa necesidade vén derivada dos criterios actuais de dotar a todos os hospitais deste servizo, como elemento básico e complementario para o mellor funcionamento hospitalario, e en liña coa nova política de conciliación da vida familiar e laboral.

O SERGAS DESTINA 4,3 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN DE CONTINXENCIAS DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 CONTRA A GRIPE A(H1N1)v

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao contrato-programa asinado o 29 de decembro de 2006 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, pola que se amplía o importe máximo establecido para o ano 2009 para o do plan de continxencias ante a gripe A(H1N1)v, cun importe total de 4.381.000,00 euros.

A implantación deste Plan permite mellorar o servizo de consulta sanitaria á poboación de Galicia, xa que deste xeito, todos os pacientes galegos teñen comunicación directa cun equipo de profesionais sanitarios especialmente formados para ofrecer información completa de todos os aspectos relacionados coa gripe.

Neste sentido, para a posta en marcha deste Plan de Preparación realizouse un dimensionamento dos recursos aumentando a capacidade de resposta para atender máis de 20.000 chamadas ao día. En total hai 240 asistentes telefónicos especializados e 72 novos postos de control e asistencia telefónica.

Ademais, creáronse 29 novos postos por quenda, que se suman aos 13 existentes, facendo un total de 42 postos operativos en cada quenda. Tamén se incrementaron tres novos postos de enfermería por cada quenda. Así mesmo, está preparada unha sala para absorber posibles desbordamentos das chamadas con outros 40 novos postos de reserva operativos.

Outra das liñas de actuación deste Plan foi a formación de asistentes telefónicos especializados, así como do propio persoal sanitario da Fundación do 061 e doutros colectivos implicados como empresas de ambulancias, técnicos en transporte sanitario e outros axentes.

Tanto as ambulancias pertencentes á rede de transporte sanitario urxente, como as ambulancias concertadas, están dispoñibles para manter os tempos de asistencia adecuados para o paciente en caso de aumento puntual da demanda.

O sistema canaliza todas as dúbidas sobre os procesos gripais a través dos teléfonos 902 400 116 e 981 953 400, que clasifica todas as chamadas en función dun protocolo de interrogatorio telefónico para pacientes adultos ou pediátricos.

A XUNTA TERÁ OPERATIVOS OS HELICÓPTEROS DO SERVIZO DE GARDACOSTAS AS 24 HORAS DO DÍA DURANTE TODO O ANO

- *A Consellería do Mar investirá 15 millóns de euros na contratación dos servizos de operatividade e mantemento do Pesca I e o Pesca II*
- *O Consello da Xunta autorizou a contratación deste servizo que garantirá a operatividade das dúas aeronaves as 24 horas do día todos os días do ano e a mellora dos medios humanos e materiais*

A Xunta terá operativos o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro respectivamente, as 24 horas do día todos os días do ano. Así o garantirá a contratación, mediante concurso aberto, do servizo consistente na operatividade e mantemento dos helicópteros da Consellería do Mar, adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galicia, que a Xunta autorizou na súa reunión semanal.

O importe total desta contratación ascende aos quince millóns de euros desagregado en tres anualidades. Así, para o 2010 o importe será de 5.625.000 euros; para o 2011 de 7.500.000 euros e para o 2012 de 1.875.000 euros. O prazo de duración do contrato é de dous anos con opción a prórroga.

Os servizos que prestará a empresa que resulte adxudicataria comprenden todas aquelas operacións necesarias para a operatividade e manexo dos helicópteros e que, entre outros, son os de operatividade técnica de voo, xestión de repostos, mantemento e reparacións, operatividade mecánica (motores), mantemento e garantía total de fuselaxe e aviónica, administración, control e mantemento da utillaxe e repostos propiedade da Consellería do Mar integrado nos hangares das bases das aeronaves.

As altas exixencias de administración e operatividade dos helicópteros e da súa tripulación derivadas da dificultade das misións nas que deben participar e as circunstancias físicas delas, que se desenvolven por riba do mar en condicións meteorolóxicas adversas, levaron a acudir á contratación de empresas o máis adecuadas para a prestación deste tipo de servizos. Entre eles están, non só a administración e operatividade dos helicópteros, senón tamén o seu mantemento e reparación. A Consellería do Mar persegue contar cos medios materiais máis axeitados e cun equipo humano o máis profesional e cualificado posible para o levar a cabo estas actuacións.

A Consellería do Mar tramitou este novo contrato por vía de urxencia, ao abeiro do artigo 96 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, dado o

interese público e a necesidade que supón este servizo, do que dependen as vidas humanas. O obxectivo é estar en situación permanente de resposta inmediata ante calquera emerxencia que poida producirse na costa galega e dar cobertura aos profesionais do sector ante calquera incidente.

O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS NAVAIS E OCEÁNICOS COLABORARÁ COA POLÍTICA PESQUEIRA DA XUNTA A TRAVÉS DA SINATURA DUN CONVENIO

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos de España (COIN) co obxectivo de que os seus facultativos realicen traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables a través do Programa Operativo do FEP 2007-2013.

Para este cometido, a Consellería concederá a cantidade de 558.450 euros distribuída en 2010, 2011 e 2012 correspondéndolle a cada anualidade 186.150 euros. O 61% deste financiamento procede do Fondo Europeo da Pesca e un 39% do estado membro.

Con este convenio o que se pretende é a colaboración do Colexio Oficial Enxeñeiros Navais e Oceánicos nos programas resultantes da política pesqueira da Consellería, xa que unha das funcións desta corporación e dereito público é exercer aqueles labores que a administración lle encomende e colaborar con ela a través da realización de estudos, emisión de informes e elaboración de estatísticas, entre outras actividades.

A sinatura deste acordo realízase no marco de competencia da Consellería do Mar de xestionar e fomentar os intereses pesqueiros de Galicia, correspondéndolle á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, entre outras funcións, a da xestión integral das axudas relativas á optimización da frota e das industrias pesqueiras galegas, de acordo coa regulamentación da UE.

O PLAN RENOVE DE ELECTRODOMÉSTICOS 2009 SUPEROU AS EXPECTATIVAS CON 44.180 ELECTRODOMÉSTICOS SUBSTITUÍDOS EN TAN SÓ 29 DÍAS E COA PARTICIPACIÓN DE 954 ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

- *O Goberno da Xunta estudará a posibilidade de ampliar proximamente os fondos para preparar unha segunda edición desta campaña*
- *O informe salienta o dobre aforro que supuxo na economía familiar o Plan, ao permitir aforrar unha cantidade de diñeiro de ata 125 euros, a través da substitución dun equipamento por outro novo máis eficiente desde o punto de vista enerxético e ao mesmo tempo posibilitar reducir o consumo eléctrico nun 8% en cada un dos preto de 44 mil fogares beneficiados, o que se traduce nun aforro anual duns 40 euros por fogar*

O Plan Renove de Electrodomésticos 2009 do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía e Industria, superou as expectativas. Así o indica o informe de balance elaborado polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) do que hoxe tivo coñecemento o Consello da Xunta. Os 4 millóns de euros de orzamento inicial desta actuación de aforro e eficiencia enerxética nos fogares galegos promovida polo Inega, consistente na substitución de electrodomésticos antigos por equipamentos máis eficientes (clase A ou superior), esgotáronse nun tempo récord, en tan só 29 días, o que confirma a excelente acollida que tivo entre o conxunto da cidadanía. En total, a través desta campaña posibilitouse un aforro de 1,7 millóns de euros en consumo de electricidade para as aproximadamente 44 mil familias beneficiadas, o que se traduce nun aforro duns 40 euros anuais por fogar na factura da luz. Así o explica o informe, que se enmarca dentro da estratexia de aforro e eficiencia enerxética para este ano 2009 do Inega, e que conta cun orzamento total de máis de 23 millóns de euros.

O documento sinala que o Plan Renove de Electrodomésticos 2009 superou as previsións iniciais, xa que en total permitiu a substitución de 44.180 electrodomésticos por outros máis eficientes, cando as expectativas eran as de chegar a 43.500. Ademais conseguiu-se unha participación nesta campaña de aforro e eficiencia enerxética de 954 establecementos comerciais, cando o obxectivo inicial era chegar aos 900, se ben os que realmente cumpriron todos os requisitos pedidos polo Inega para poder efectuar vendas foron 894.

O informe salienta que o orzamento se esgotou antes que nunca, posto que en 2008 se remataron os fondos en 1 mes e 12 días e en 2007 en 59 días. Diante desta alta demanda de solicitudes rexistradas e os bos resultados alcanzados polo Plan Renove

de Electrodomésticos xa desde o primeiro momento da súa posta en marcha, como o confirma o feito de que na primeira semana de funcionamento se efectuaron 8.500 vendas de equipos eficientes enerxeticamente, o Inega estuda a posibilidade de ampliar proximamente os fondos para preparar unha segunda edición do Plan Renove de Electrodomésticos 2009.

Vendas por provincias e tipoloxías de electrodomésticos

Do total de 44.180 electrodomésticos substituídos mediante esta campaña, 17.689 corresponderon á provincia da Coruña; 13.723 á de Pontevedra; 6.930 á de Lugo e 5.838 á de Ourense. Por tipoloxías de aparellos, o balance foi o seguinte: 17.167 lavadoras; 12.672 frigoríficos e frigoríficos conxeladores; 5.217 conxeladores; 3.770 fornos; 2.733 placas e 2.531 lavalouzas.

Dobre aforro, enerxético e económico

O Plan Renove de Electrodomésticos tivo entre a poboación un dobre efecto de aforro, xa que, por un lado, ten repercusión directa sobre a economía familiar ao permitir aforrar unha cantidade de diñeiro que pode chegar ata os 125 euros a través da substitución dun equipamento por outro novo máis eficiente desde o punto de vista enerxético, e ao mesmo tempo porque permite diminuír o consumo eléctrico nun 8%. A contía da subvención é dun máximo do 25% do prezo do electrodoméstico substituído e o desconto aplicable establécese en función da tipoloxía do equipamento, oscilando entre un mínimo de 50 euros no caso das encimeiras de gas e un máximo de 125 euros para os frigoríficos, conxeladores e frigoríficos-conxeladores.

Este Plan encádrase na aposta da Xunta de Galicia de promover a redución do consumo eléctrico e de fomentar un axeitado aproveitamento dos recursos autóctonos e dun respecto escrupuloso polo ambiente. O aforro de enerxía primaria estimado con esta campaña, que pretendeu ser tamén un estímulo aos emprendedores dedicados á venda de electrodomésticos, alcanzou os 25.085 MWh, o que supuxo evitar a emisión de 4.033 toneladas de CO₂ á atmosfera.

Interese internacional

O Plan Renove de Electrodomésticos foi foco de interese internacional, posto que unha multinacional xaponesa solicitou recentemente ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega) información sobre esta iniciativa co fin de analizar aproveitamentos no devandito país asiático.